



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Nomear 5 postos de peóns para o Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña, convocatoria 2021.

Núm. Admvo. Expte.: 2021/E001/000001

Expte. Decreto Núm.: 2021/G003/000183

Mediante resolución de Alcaldía núm. 91/2021, de data 26/02/2021 aprobáronse as bases e a convocatoria de selección para a contratación laboral de 5 postos de peóns do Programa de Integración Laboral da Deputación da Coruña, convocatoria 2021.

Por resolución de Alcaldía núm. 143/2021, de data 23/03/2021 aprobouse a lista definitiva de persoas aspirantes admitidos/as e excluídos/a á mencionada convocatoria e convocábase aos aspirantes para a realización das probas para o día 26/03/2019, ás 14:30 h.

Vista a acta de selección do tribunal reunido do día 26/03/2021 que avaliou os méritos que acreditaron as persoas aspirantes presentadas ao concurso-oposición para a provisión como persoal laboral temporal de 5 postos de peóns do Concello de Laxe, programa de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña, convocatoria 2021, na que propón ao sr. Alcalde designar a Juan Méndez Ramos, Antonio Álvarez Valiña, Ángel Juan Lema Rodríguez, Carmen Estrella Gómez Blanco e Antonio Joaquín Bello Lema como peóns deste Concello de Laxe, Programa de Integración Laboral, convocatoria 2021.

Unha vez comprobada a documentación presentada polas persoas aspirantes Juan Méndez Ramos, Antonio Álvarez Valiña, Ángel Juan Lema Rodríguez, Carmen Estrella Gómez Blanco e Antonio Joaquín Bello Lema establecida na base duodécima das bases de selección,

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local, esta Alcaldía

RESOLVE:

Primeiro. Nomear a Juan Méndez Ramos, Antonio Álvarez Valiña, Ángel Juan Lema Rodríguez, Carmen Estrella Gómez Blanco e Antonio Joaquín Bello Lema como peóns do Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña, dende o 12/04/2021 e ata o 31/12/2021, ámbolos dous incluídos, a xornada completa e baixo a modalidade de contrato de obra e servizo determinado.

Segundo. De acordo coa base 10.4 das bases de selección esta resolución publicarase no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do concello (www.concellodelaxe.com) e substituirá ás notificacións individuais aos/as interesados/as, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

Terceiro. Dar traslado ao Departamento de Contabilidade.

Mándoo e asínoo, en Laxe na data da sinatura incluída á marxe, o 1º tenente de alcalde (delegación por ausencia, Resolución de Alcaldía núm. 142/2021, de 22/03/2021), do que eu como secretaria dou fe.

O 1º tenente de alcalde, delegación por ausencia

A secretaria

(Resolución de Alcaldía núm. 142/2021, de 22/03/2021)

Asdo. Francisco Charlín Oróns

Asdo. Begoña Carrasco García

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)